



PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN





INDICE

I. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.....	3
1.1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E CIENTÍFICA.....	3
1.2. XUSTIFICACIÓN PRÁCTICA.....	4
1.3. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.....	6
1.4. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	7
II. PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	9
2.2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS.....	12
2. 3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.....	15
2.3.3. RECURSOS.....	22
2.4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	24
2.5. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	27
III. FONTES DE INFORMACIÓN.....	29
3.1. BIBLIOGRAFÍA.....	29
3.2. WEBGRAFÍA.....	30

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

“Si enseñamos a los estudiantes de hoy como enseñamos ayer, les estamos robando el mañana”
(Jonh Dewey)

1.1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E CIENTÍFICA

A **orientación educativa e profesional** aparece recollida no texto refundido LOE/LOMLOE, actual Lei Orgánica de Mellora da Lei Orgánica de Educación 3/2020, en vigor dende o 19 de decembro de 2020 e defínese como un dereito do alumnado, un principio de mellora da calidade e como medio necesario para o logro dunha educación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

Trátase dun proceso global que inclúe a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado e familias) e que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, ao proceso de ensino-aprendizaxe e a toma de decisións vocacionais. Asemade, constitúe un dos factores clave que favorece a calidade do proceso de ensino e aprendizaxe, fundamentándose no principio básico do ESFORZO COMPARTIDO de toda a comunidade educativa, proposto pola xa mencionada LOE/LOMLOE.

A orientación educativa inclúe tres ámbitos de actuación:

A. **ESCOLAR**: ten como obxectivo optimizar o proceso de ensino e aprendizaxe e favorecer a aprendizaxe ao longo da vida; facendo especial fincapé na ATENCIÓN Á DIVERSIDADE do alumnado a través dos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación.

B. **PERSOAL**: ten como obxectivo propiciar o desenvolvemento integral de todas as capacidades e COMPETENCIAS CLAVE a través da ACCIÓN TITORIAL.

C. **VOCACIONAL**: ten como obxectivos promover a madurez vocacional, a toma de decisións e a transición no sistema educativo e ao mercado laboral a través da ORIENTACION ACADÉMICA E PROFESIONAL.

Polo tanto, a medida que avanzamos cara o modelo dunha escola inclusiva, a orientación educativa enténdese como unha actividade inherente á función docente, baseándose no modelo de intervención por programas que bebe doutros modelos, como a consulta colaborativa, proposta por Bisquerra (1998), do modelo de servizos

actuando por programas de Rodríguez Espinar (1993) e do modelo ecolóxico de Fernández Sierra (1999) que se fundamentan nos principios da orientación educativa:

- Planificación
- Prevención
- Sistematicidade
- Curricularidade
- Cooperación
- Desenvolvemento persoal
- Intervención social

Partindo dunha perspectiva global, o Departamento de Orientación (en diante DO), vai a ser o dinamizador da ACCIÓN TITORIAL, a través do asesoramento, apoio, participación e colaboración, fomentando a cultura de colaboración na Comunidade Educativa. Tamén as accións terán lugar a través da intervención directa por parte do DO, cando as necesidades así o xustifiquen.

Así tamén é importante destacar, a contribución dende o DO, ás competencias definidas polo texto refundido *LOE/LOMLOE* e que se definen na *Orde ECD 65/2015* como todas aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento e realización persoal, así como para a cidadanía activa, inclusión social e emprego.

1.2. XUSTIFICACIÓN PRÁCTICA

Podemos definir o *Plan Anual do Departamento de Orientación (PADO)* como o *documento marco de traballo do DO creado para ofrecer dende o centro unha resposta axeitada e de calidade á nosa realidade educativa* que se levará a cabo a través dos tres niveis propostas da Orientación:

- Acción Titorial, a nivel de aula
- Departamento de Orientación, a nivel de centro
- Equipo de orientación Específico de carácter provincial na nosa Comunidade Autónoma. Como un servizo externo ao centro cun carácter especializado, formado por diferentes especialistas que atenden ás demandas do DO así como o asesoramento no desenvolvemento das nosas funcións.

Así, debemos responder a pregunta, **PORQUE É IMPORTANTE PROGRAMAR EN ORIENTACIÓN?**

Partindo do modelo de intervención por programas, a planificación vainos a permitir ser eficaces, evitando así rutinas e improvisacións. Tamén adaptarnos ás características do centro educativa, a aula, ao alumando e por suposto, a nosa contorna máis próxima.

Polo tanto, este documento marco debe ser un documento flexible, aberto e suxeito a cambios e modificacións que poden xurdir ao longo do desenvolvemento do curso potenciando o seu aspecto dinámico. É un documento que evoluciona coa experiencia de cada curso e é susceptible de propostas de mellora.

O deseño e desenvolvemento do noso POE será coherente cos principios e valores que promove o Proxecto Educativo do CPI Arquitecto Palacios pertencente ao concello de Nigrán, así como co Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e o Plan de Convivencia, que forman parte do proxecto educativo; xa que, como sabemos, a orientación non é un subsistema separado da educación, senón intrínseca a ela. Estes principios son:

- Concepción dunha ESCOLA ABERTA Á COMUNIDADE.
- Educación Integral do alumnado en todos os ámbitos da vida.
- Calidade da educación e INCLUSIÓN de todo o alumnado.
- Educación para a tolerancia, non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a solidariedade, a non violencia, o respecto, a diversidade e a interculturalidade e cohesión social.
- Participación de todos os sectores da Comunidade e ESFORZO COMPARTIDO.
- Avaliación de todo o sistema educativo e da propia práctica docente.
- Fomento do pensamento crítico, a creatividade, a autonomía, a cidadanía democrática e o compromiso co medio ambiente e a sociedade que lles rodea.
- Aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Así mesmo, o POE terán en conta para o seu deseño e desenvolvemento a participación do centro nos PLANS E PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA: contratos-programa e plans proxecta, así como as liñas de formación dentro do PFPP.

Finalmente, será coherente con todas as funcións asignadas ao DO e á xefatura do DO nos diferentes PROTOCOLOS publicados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CCEOU).

1.3. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

Toda acción orientadora, e polo tanto educativa, precisa dun respaldo normativo para o desenvolvemento das nosas funcións:

A. NORMATIVA XERAL

- Lei Orgánica 8/1985, 3 de xullo, que regula o Dereito á Educación (LODE).
- Lei Orgánica de Mellora da Lei Orgánica de Educación (LOMLOE) 3/2020 que ven de modificar aspectos da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE).
- Decreto 7/99 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Instrucións 3 de outubro do 2000 nas que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se regulan os centros públicos integrados.

B. ORIENTACIÓN

- Decreto 120/1998, do 23 de Abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na CA de Galicia, e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se desenvolve o Decreto 120/1998. Destacamos a composición e función do DO, as funcións da Xefatura dos DO; así como a estrutura do Plan de Orientación e da Memoria Final de curso do Departamento de Orientación.
- Circular 10/2010 de accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na CA de Galicia. Establece como accións prioritarias dos Servizos de Orientación a diversidade e a inclusión, a acción titorial, a convivencia e a educación en valores, o plan de orientación e a súa memoria, os procesos de avaliación e calidade, o DROrienta, a coordinación, a aprendizaxe permanente e saídas profesionais.

C. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E APOIO AO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

- Real Decreto Lexislativo 1/2013, que aproba o texto refundido da Lei Xeral das Persoas con Discapacidade e a súa inclusión social. Recoñece o dereito a unha Educación Inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións.

- Real Decreto 1635/2009, do 30 de outubro, que regula a admisión dos alumnos e alumnas e a atención ao alumnado con NEAE no ámbito da xestión do Ministerio de Educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. Recolle a definición, principios e medidas para a atención á diversidade, establece as MAD ordinarias e extraordinarias, as modalidades de escolarización e a promoción da mesma e inclúe nas nosas funcións a de elaborar o PXAD coas directrices da CCP e as achegas dos DD.
- Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011.

D. PROTOCOLOS

Absentismo escolar; Acoso escolar e Ciberacoso; TDAH; TEA; urxencias sanitarias e enfermidades crónicas; atención educativa domiciliaria; protección de datos; identidade de xénero; prevención e detección de risco suicida; atención educativa do alumnado con SD e/ou DI (este último non forma parte da Estratexia Educonvives.gal), atención ao alumnado con discapacidade auditiva, atención ao alumnado con Altas Capacidades, atención ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe e dislexia. Aínda que non constitúen referentes legais en si mesmos, recollen funcións específicas para os DO.

E. APOIO Á MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura de paz
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de convivencia escolar
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 (os artigos 5, 6, 24, 25 e 47 recollen funcións do DO)

1.4. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

As características do CPI están reflexadas no PROXECTO EDUCATIVO de centro e polo tanto o Plan de Orientación axustarase ás mesmas.

O departamento de orientación está formado no curso 2021/2022 por:

- Xefa do Departamento de Orientación: Carmen M. Lema Varela
- Unha especialista en PT: Leticia Tormo Rueda, Rocío González Pérez
- Unha especialista en AL: Fátima Alonso Caride

- Tutores de ámbito socio- lingüístico e científico- tecnolóxico de educación primaria e secundaria (integrados ao mesmo tempo na CCP)

O DO defínese como un servizo aberto e integrador do Centro e da Comunidade Educativa. As súas intervencións deberán ser plenamente integradas no proceso educativo xeral e no marco curricular, e o seu labor non deberá ser illado nin paralelo. Prestará especial atención a colaboración e coordinación cos Equipos de Orientación Específicos e cos Servizos de Inspección que corresponda. Conta cos RECURSOS INTERNOS E EXTERNOS suficientes para levar a cabo a acción orientadora.

- o RECURSOS INTERNOS: material bibliográfico, probas psicopedagóxicas, manuais de apoio á titoría...
- o RECURSOS EXTERNOS: Centro de Saúde , Concello, CIM, Biblioteca Municipal, Cruz Vermella...

Neste senso, o DO comparte o seu horario coa EE II Dunas que acolle a alumnado de educación infantil (3 a 6 anos), acudindo ao centro todas as semanas dentro do horario lectivo durante unha parte da xornada.

En relación ao EQUIPO DOCENTE: gran parte do nos profesorado reside na cidade de Vigo, contando con destino definitivo no centro, o que permite que as funcións orientadoras se poidan promover a longo prazo. En relación coa media de idade está aproximadamente nos 45 anos, xa que nos últimos anos está chegando ao centro profesorado novo de recente incorporación.

ALUMNADO: no CPI contamos con alumnado de toda a zona do Valmiñor. Non se detectan grandes problemas na convivencia pero si en canto a intereses e motivacións de cara ao estudo, sobre todo na etapa de secundaria. Nos dous últimos curso están chegando alumnado estranxeiro.

FAMILIAS: contan con participación no proceso educativo moi heteroxénea, sendo esta máis acusada en secundaria que en primaria.

ALUMNADO CON NEAE: alumnado escolarizado no CPI Arquitecto Palacios que precisa algún tipo de atención, sexa organizativa ou curricular, de carácter ordinario ou extraordinario, son os seguintes:

- Alumnado NEAE: contamos con varios alumnos TEA , alumnado nee, na súa maioría por retraso madurativo, alumnado con DA, especialmente nas AIB, por desfase curricular ou situación social desfavorecida que na maioría dos casos contan con exención da 2ª Lingua Estranxeira na ESO e alumnado na ESO e

PRIMARIA diagnosticados con TDAH con Informe Médico do Sergas asociados a discapacidade.

II. PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

*A diversidade abarca a todos, non soamente a aqueles que se observan a partir dunha normalidade ilusoria.
(Booth & Aincow, 2001)*

2.1. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES

Para dar resposta ás características propias do noso centro, é necesario realizar, antes de comezar cada curso, unha avaliación inicial de necesidades que nos indique o punto de partida e nos guíe para establecer a prioridade dos eixes e das accións a desenvolver. Levarase a cabo tendo en conta a todos os axentes da Comunidade Educativa a través de técnicas e instrumentos de recollida de información, tales como os que se presentan a continuación:

1.	Observación do clima, organización e xestión do Centro Educativo.
2.	Revisión dos documentos de planificación da acción educativa (PEC, NOF, Plan de Convivencia, PXAD, PAT, Plan Anual do D.O, PXA e Memoria Anual de Centro e do Plan de Orientación de cursos anteriores).
3.	Análise da lexislación (LOE/LOMLOE e referentes da nosa Comunidade Autónoma) e outros referentes (PROTOCOLOS).
4.	Revisión e análise dos expedientes académicos e/ou informes psicopedagóxicos do alumnado do Centro. Revisión da información recollida no XADE, dos informes individualizados dos/as titores/as e do informe individualizado L035.
5.	Análise dos recursos do DO, do Centro e do Contexto/ Comunidade.
6.	Reunións informais (MICROTEMPOS E MICROESPAZOS): encontros nos corredores, momentos durante os descansos... Neste clima distendido é onde mellor se poden captar as necesidades.
7.	Detectar as demandas dos distintos sectores da Comunidade Educativa a través de entrevistas; cuestionarios de percepción de necesidades distribuídos a profesores, familias e alumnado; reunións coa CCP, cos titores, co xefe de estudos; e tamén a través da propia observación realizada polo D.O.

Así en función da información obtida, establécense una serie de necesidades para cada un dos ámbitos de intervención e en función dos destinatarios:

A. ACCIÓN TITORIAL	
ALUMNADO	Promoción da igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero e de fenómenos indesexables de abandono e fracaso escolar. Fomento de experiencias de inclusión educativa que favorezan a presenza, participación e aprendizaxe de todo o alumnado. Fomento da convivencia escolar a través da aprendizaxe de habilidades e competencias sociais.
PROFESORADO	Potenciación da acción titorial como un proceso continuado, sistemático, planificado e coordinado. Fomento da participación dos tiores no desenvolvemento de actividades no marco dos Contratos-Programa.
FAMILIAS	Optimización do fluxo de información entre a familia e o centro sobre a evolución do proceso de ensinanza e aprendizaxe dos seus fillos/as.
CENTRO	Renovación e coordinación xunto cos tiores/as e xefatura de estudos dun PAT realista e axustado ás necesidades do centro.
CENTRO ADSCRITO	Redución das discontinuidades educativas entre as etapas de educación infantil e primaria.
CONTEXTO	Potenciación do uso dos recursos que nos ofrece o concello para a abordaxe de contidos propios da acción titorial.
B. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	
ALUMNADO	Mellora das técnicas instrumentais básicas, tales como a comprensión lectora ou habilidades metacognitivas. Adaptación da resposta educativa ás necesidades educativas e emocionais do alumnado.

PROFESORADO	Formación e asesoramento sobre a avaliación inicial, MAD, Protocolos e Metodoloxías activas.
FAMILIAS	Información sobre o proceso educativo dos seus fillos/as. Fomento da colaboración e traballo en equipo da familia e da escola.
CENTRO	Asesoramento ao equipo directivo sobre os protocolos e a súa aplicación práctica, MAD e integración curricular da orientación.
CENTRO ADSCRITO	Fomento da coordinación entre etapas para prever as MAD.
CONTEXTO	Mellora da coordinación cos Servizos e Institucións Externas.
C. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	
ALUMNADO	Asesoramento vocacional e profesional atendendo ao principio de igualdade. Información itinerarios académicos, materias e novidades na normativa do SE.
PROFESORADO	Sensibilización do principio de igualdade entre homes e mulleres en canto á orientación profesional e vocacional. Fomento da colaboración interdepartamental para a información e difusión dos grados emerxentes e das novidades académicas e laborais.
FAMILIAS	Información sobre as saídas profesionais e académicas, o sistema educativo e as posibilidades laborais da contorna.
CENTRO	Establecemento de coordinación coas diversas institucións da zona.
CONTEXTO	Actualización do POAP de maneira que se teña en conta as posibilidades académicas e profesionais da contorna.

2.2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Os obxectivos do plan veñen determinados polas necesidades detectadas no Centro e están en consonancia cos documentos do mesmo. Para este curso concréntanse os

seguintes obxectivos xerais e específicos; que organizamos tamén por ámbitos de intervención e destinatarios.

2.2.1 OBXETIVOS XERAIS

A. ACCIÓN TITORIAL	
ALUMNADO	Favorecer o seu desenvolvemento integral e previr fenómenos indesexables como a violencia de xénero, a desigualdade entre nenos e nenas e o do abandono e fracaso escolar
PROFESORADO	Establecer os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías, concretando as liñas de actuación que as persoas titoras desenvolverán co alumnado de cada grupo, co equipo educativo e coas familias.
FAMILIAS	Establecer canles de comunicación eficaz a través de diferentes formatos.
CENTRO	Colaborar co equipo directivo e co conxunto do profesorado na posta en marcha das medidas necesarias para asegurar a continuidade e coherencia da acción educativa nas distintas etapas.
CENTRO ADSCRITO	Favorecer a transición entre as etapas que promova a prevención das posibles discontinuidades educativas.
CONTEXTO	Iniciar protocolos de coordinación con recursos da contorna gradualmente por cursos.
B. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	
ALUMNADO	Axustar a resposta educativa ás necesidades educativas do alumnado, no deseño e desenvolvemento de actuacións preventivas.
PROFESORADO	Facilitar o apoio e asesoramento necesario para a inclusión das MAD nas Programacións Didácticas e na práctica docente.
FAMILIAS	Promover un clima favorable entre a familia e a escola optimizando a confianza e a transparencia nas relacións.

CENTRO	Actualizar o PXAD introducindo as novidades da lexislación e dos protocolos publicados pola Consellería.
CENTRO ADSCRITO	Propiciar axeitados fluxos de comunicación a través das reunións e das novas tecnoloxías.
CONTEXTO	Iniciar e consolidar protocolos de coordinación cos servizos externos recollidos na planificación anual.
C. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	
ALUMNADO	Potenciar á orientación académica e profesional entre o alumnado, desenvolvemento a súa autonomía persoal e a súa madurez vocacional.
PROFESORADO	Promover a información e formación sobre as novidades lexislativas que afectan á organización das ensinanzas.
FAMILIAS	Orientar e implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as, ofrecendo asesoramento sobre os aspectos educativos, académicos e profesionais.
CENTRO	Actualizar o POAP tendo en conta as novidades na oferta académico e profesional.
CONTEXTO	Promover a coordinación cos outros IES da contorna.

2.2.2 OBXETIVOS ESPECÍFICOS

A. ACCIÓN TITORIAL	
ALUMNADO	Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e centro, fomentando actitudes cooperativas e democráticas a través do establecemento de normas básicas de convivencia ou a dinamización da xunta de delegados.
PROFESORADO	Facer uso dos microtempos e microespazos para sensibilizar na atención á diversidade e na convivencia pacífica.



	Dinamizar a acción tutorial, a través da colaboración e asesoramento ó profesorado para poder desenvolver os programas de orientación integrándoos na práctica educativa.
FAMILIAS	Prestar unha especial atención á acollida das familias do alumnado de nova incorporación ó centro.
CENTRO	Colaborar e ofrecer coñecementos técnicos para o desenvolvemento óptimo do PE nos seus diferentes aspectos.
CENTRO ADSCRITO	Planificar, desenvolver e avaliar accións conxuntas que favorezan o tránsito entre etapas e que contribúan á adaptación persoal, social e académica do alumnado.
CONTEXTO	Establecer actuacións para levar a cabo a coordinación coas entidades que colaboren no desenvolvemento dos programas.
B. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	
ALUMNADO	Establecer mecanismos de mellora da aprendizaxe que leven ao alumnado a realizar unha aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento de COMPETENCIAS CLAVE .
PROFESORADO	Ofrecer información sobre as NEAE e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación de medidas e actuacións. Orientar tecnicamente en actividades e procesos de avaliación formativa, orientadora, recuperación, reforzo e apoio psicopedagóxico, así como da avaliación inicial.
FAMILIAS	Orientar e asesorar ás familias de alumnado con NEAE no proceso de ensinanza- aprendizaxe.
CENTRO	Cubrir o DRADI no momento no que sexa solicitado pola administración educativa. Apoio no desenvolvemento dos plans de reforzo e recuperación ao alumnado.
CENTRO ADSCRITO	Deseñar e desenvolver actuacións facilitadores da transición educativa para o alumnado con NEAE.

CONTEXTO	Deseñar un documento de coordinación e confidencialidade para garantir o fluxo de información entre a familia, a escola e os servizos externos que atende ao alumnado.
C. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL	
ALUMNADO	Desenvolver propostas para contribuír á construción do proxecto profesional e persoal do alumnado dunha maneira autónoma, libre e reflexiva.
PROFESORADO	Manter un fluxo de información constante a través do correo electrónico: probas de acceso, premios, avaliacións, programas internacionais...
FAMILIAS	Asesorar ás familias de forma individual e/ou grupal para potenciar a súa implicación na formación dos seus fillos/as, sobre aspectos académicos, profesionais e vocacionais.
CENTRO	Asesorar na selección de alumnado proposto para PDC e FPB.
CONTEXTO	Invitar ao Centro a diferentes organizacións e entidades que poidan explicar a describir a súa traxectoria e práctica profesional.

2.3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

2.3.1 PLANIFICACIÓN XERAL

Para lograr estas metas propostas é necesario establecer unha serie de **actuacións**, temporizadas ao longo do curso.

No curso académico 2022/2023 a planificación xeral anual do DO está en consonancia co disposto na LOE/LOMLOE, na normativa reguladora específica da Orientación Educativa e Profesional (Decreto 120/1998 e Orde do 24 de xullo de 1998) e nas diferentes disposicións lexislativas que recollen funcións para os DO, especialmente o recollido na Circular 10/2010, no Decreto 229/2011 e na Orde 8 de setembro de 2021; así como nos PROTOCOLOS publicados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2.3.1.1. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

Nun primeiro momento, esta organización parte da **constitución** anual do DO,; xefa do departamento, especialistas en PT e AL, e dous titores por cada ámbito. Logo da constitución do departamento, é necesario organizar no inicio do curso, o horario do DO, que tendo en conta a **Orde do 23 de xuño de 2011 modificada parcialmente pola O do 4 maio 2012 que regula a xornada de traballo do persoal docente**, deberase contemplar nas *37,5 horas semanais*, ademais da propia tarefa da orientación escolar, outras como:

- Atención á familias e alumnado
- Reunións con titores e equipo directivo
- Reunións cos membros do DO e co xefe/a do DO adscrito.
- Reunións coa CCP e o claustro
- 2 períodos de garda
- Tarefas específicas da Xefatura do Departamento
- Asistencia a sesións de avaliación
- Participación e colaboración en actividades de formación e innovación no centro, en actividades complementarias, de apoio á convivencia, de elaboración de material, entre outras.
- Participaremos coa Xefatura de Estudos na elaboración dos horarios das especialistas do departamento de orientación.

ACTIVIDADES PROPIAS DA ORIENTACIÓN ESCOLAR: organizámolas ao longo de todo o curso (ao inicio, ao final e ao longo dos tres trimestres) pero sempre tendo en conta os momentos clave e as situacións de risco onde primarán unhas accións sobre outras. Clasifícamolas en función dos destinatarios e relacionándoas coas necesidades e obxectivos do noso plan.

INICIO DE CURSO: SETEMBRO	
DO	Elaboración e desenvolvemento dun Programa de Acollida, en colaboración cos titores/as, para todo o alumnado que atende aos aspectos de coidado e benestar emocional. Elaboración do Plan Anual do Departamento de Orientación. Revisión dos documentos do centro: PXAD e Plan de Convivencia.



	<p>Elaboración da programación anual da Acción Titorial e a “Carpeta de Titores/as”.</p> <p>Realización dunha sesión de Acollida dirixido a todas as familias do Centro, en colaboración co Equipo Directivo e os/as titores/as.</p>
A	<p>Elaboración dos informes e documentos necesarios para o desenvolvemento das MAD: exención 2º lingua estranxeira, becas NEAE, agrupamentos.</p> <p>Asesoramento ao alumnado no momento da matrícula: elección de itinerarios, modalidades, materias; favorecendo unha toma de decisións autónoma e responsable.</p> <p>Dinamización das accións de acollida (fundamentalmente ao alumnado de 1º da ESO, NEAE e ao alumnado estranxeiro).</p>
P	<p>Entrega da programación da Acción Titorial e a “Carpeta de Titores/as”.</p> <p>Desenvolvemento de reunións de inicio de curso co Equipo docente de cada nivel educativo para ofrecer información relevante sobre as características do alumnado matriculado relevantes para o deseño e a planificación do seu proceso de ensino-aprendizaxe.</p>
FA	<p>Información ás familias do alumnado con NEAE sobre a Resolución das Becas do Ministerio.</p> <p>Asesoramento ás familias na Toma de Decisións académica e profesional dos seus fillos/as.</p> <p>Apoio ás familias, informándoas e asesorándoas, durante o período de acollida ao centro (especialmente ao alumnado de novo ingreso e ao alumnado estranxeiro).</p>

1º TRIMESTRE: OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO	
DO	<p>Propostas na CCP sobre actuacións de acción titorial, atención á diversidade, convivencia e educación en valores (igualdade, inclusión...)</p> <p>Presentación da proposta dos apoios específicos de PT á Xefatura de Estudos, en colaboración cos titores.</p> <p>Elaboración do Documento Individualizado de Adaptación Curricular (DIAC) e envío ao Servizo de Inspección Educativa.</p>
A	<p>Revisión das MAD e, se é o caso, actualizar as que sexan necesarias.</p>



	Realización das avaliación psicopedagóxicas precisas ao alumnado con NEAE de nova incorporación ao centro.
P	Asesoramento e apoio técnico no deseño das programacións anuais axustadas as novidades legislativas Asesoramento, participación e colaboración na sesión de Avaliación Inicial e na Avaliación do 1º Trimestre. Asesoramento aos titores nas sesións de reunión coas familias de inicio de curso. Asesoramento no deseño das ACS. Sensibilización sobre as actuacións propostas dende do DO para o curso escolar.
FA	Información sobre decisións adoptadas trala Avaliación Inicial, en colaboración co profesorado titor.

2º TRIMESTRE: XANEIRO, FEBREIRO, MARZO

A	Realización de actividades de análise trimestral do seu proceso de aprendizaxe. Posta en marcha e/ou axuste das MAD como resultados dos acordos da sesión da Avaliación do 1º Trimestre. Información sobre a proba de acceso a CF de GM e GS ao alumnado de 4º da ESO.
P	Asesoramento e apoio técnico para optimizar o proceso de E-A do alumnado con DA ou en situación de risco de fracaso ou abandono escolar. Formulación de propostas de análise trimestral do proceso de E-A (tanto a aprendizaxe do alumnado como da práctica docente), potenciando a avaliación formativa que permita introducir melloras durante o proceso.
FA	Colaboración cos titores na información á familia sobre os acordos adoptados na sesión de Avaliación do 1º Trimestre

3º TRIMESTRE: ABRIL, MAIO, XUÑO

DO	Apoio ao Equipo Directivo na anticipación da chegada de alumnado con NEAE novo, procedente de EP ou do proceso de admisión.
----	---



A	Información sobre as novidades legislativas que lles afectan.
---	---



	<p>Dinamización das actividades de orientación académica e profesional, favorecendo un proceso de toma de decisións responsable e un coñecemento do SE e de todas as posibilidades que ofrece.</p> <p>Asesoramento e apoio ao alumnado nos cursos terminais: 4º da ESO (Avaliación Final).</p> <p>Apoio na transición entre etapas ou á vida activa.</p>
P	Asesoramento para orientación académica e profesional ao alumnado.
FA	<p>Xornadas de información ás familias de alumnado con NEAE que vai entrar no centro o próximo curso.</p> <p>Información e asesoramento sobre as posibilidades académicas e profesionais dos seus fillos/as.</p>

XUÑO	
DO	<p>Elaboración da memoria anual do Plan do DO con propostas de mellora.</p> <p>Cubrir o DRDOrienta.</p>
A	<p>Asesoramento sobre as posibilidades académicas que lle ofrece o SE.</p> <p>Asesoramento sobre as posibilidades laborais que lle ofrece o seu entorno.</p> <p>Información sobre o proceso de admisión e matrícula do curso seguinte.</p>
P	Colaboración na elaboración do CONSELLO ORIENTADOR.
FA	Apoio na toma de decisións académicas e profesionais que lle afectan aos seus fillos/as.

DURANTE TODO O CURSO	
	<p>Dinamización de recursos e actividades para o desenvolvemento da hora de titoría: técnicas de estudo, habilidades sociais, educación en valores, etc.</p> <p>Promoción das COMPETENCIAS CLAVE no proceso de E-A e no quefacer diario. Impulso do coñecemento dos Protocolos por parte de toda a Comunidade Educativa. Prevención de condutas contrarias á convivencia e ofrecer asesoramento á Comisión de Convivencia sempre que sexa necesario.</p> <p>Reunión mensual do DO co Equipo Directivo: MAD e alumnado con NEAE. Análise mensual da programación do DO co restos dos membros.</p> <p>Asistencia e participación nas sesións de avaliación.</p>

Información á Comunidade Educativa sobre itinerarios académicos, elección de materias, axudas, bolsas, premios, probas de acceso, probas de obtención de títulos, validacións, etc.

Participación en iniciativas de investigación e innovación educativa, así como en actividades de formación permanente do profesorado.

2.3.1.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAORDINARIAS.

As actividades complementarias e extraescolares xogan un papel fundamental no apoio e reforzo da intervención do Departamento de Orientación, dentro e fóra do centro. Así, as actividades previstas son:

- Colaboracións co concello, CIM e deputación de Pontevedra para a realización de actividades no marco da igualdade arredor do 25 de novembro e do 8 de marzo.
- Colaboración con entidades externas que fomenten a transición á vida activa e o emprendemento
- Actividades enmarcadas na Semana de Orientación desenvolvidas dende o propio Departamento de Orientación en con colaboracións puntuais de xeito presencial ou a distancia
- Todas aquelas que se consideren oportunas no transcurso do curso académico e que serán reflexadas na Memoria Anual.

2.3.2. DEFINICIÓN DE LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Ademais das actividades propias da planificación xeral do DO, no curso académico 2022- 2023 definimos un conxunto de actuacións prioritarias. Estas veñen determinadas polas necesidades do noso Centro e constitúen o punto de partida para o deseño e desenvolvemento de programas específicos de intervención dirixidos a alumnado, profesorado, familias e Comunidade Educativa no seu conxunto. Agrupámoslos nos tres ámbitos de intervención da Orientación Educativa:

- A. *APOIO AO PROCESO DE E-A*: pretende optimizar o proceso de E-A do alumnado. Para iso será necesario que dende a acción orientadora se realicen actuacións de prevención das DA, consolidación das AIB, promoción de hábitos e técnicas de estudo e de TTI. Será preciso promover aspectos esenciais como a motivación, a integración das TIC, a prevención do absentismo e abandono escolar, adquirindo

especial relevancia a atención á diversidade a través das MAD; especialmente no alumnado con NEAE.

B. *APOIO Á ACCIÓN TITORIAL*: pretende contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado, promovendo o grao máximo posible de adquisición das **COMPETENCIAS CLAVE**. Deberá facer fincapé na promoción da educación en valores e na convivencia escolar, en base aos principios de equidade, inclusión, non discriminación e igualdade de oportunidades.

C. *APOIO Á ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL*: pretende favorecer a madurez vocacional, o proceso de toma de decisións de forma responsable e autónoma, o coñecemento exhaustivo das posibilidades que nos ofrece o noso SE; así como fomentar o espírito emprendedor.

A continuación nomeamos as **ACTUACIÓNS PRIORITARIAS** que incluímos en cada un dos tres ámbitos.

ACCIÓN TITORIAL	<ul style="list-style-type: none"> • Actualización e aprobación do Plan de Acción Titorial. • Desenvolvemento de actividades de coidade do benestar emocional do alumnado. • Favorecer e contribuír, a través da acción titorial, ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado. • Recollida e organización de actividades-tipo enmarcadas na Acción Titorial. • Elaboración e desenvolvemento de actuacións encamiñadas á prevención de condutas contrarias á convivencia escolar. • Desenvolvemento de actividades encamiñadas á prevención do uso das TIC.
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	<p>Afondamento na mellora da elaboración, desenvolvemento e avaliación das ACS do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asesoramento ao profesorado sobre o desenvolvemento do reforzo educativo e dos apoios ao alumnado exento da 2ª Lingua Estranxeira. • Desenvolvemento de actividades e actuacións nos tempos de lecer que favorezan a integración do alumnado con NEAE; especialmente aquel con dificultades de relación cos iguais.

ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL	<ul style="list-style-type: none"> • Asesoramento ao alumnado na Toma de Decisións responsable. • Asesoramento ás familias de ACNEAE sobre bolsas e axudas ao estudo e alternativas profesionais e académicas.
-------------------------------------	--

2.3.3 RECURSOS

Os recursos que empregados, son aqueles que posúe o centro para levar a cabo as accións previstas. Estes ímolos a clasificar en persoais, materiais e organizativos.

• **PERSOAIS:** dividimos este recurso entre persoal interno e externo. Sendo o *persoal interno* os membros que pertencen ao centro e membros do DO adscrito e *persoal externo* ao centro como o EOE, Inspección Educativa, CEFORE, centros universitarios, Consellería, servizos sociais, sanitarios, asociacións, institucións relacionadas como mundo do emprego ou institucións relacionadas coa discapacidade.

• **RECURSOS MATERIAIS E TECNOLÓXICOS:**

- *Documentos de planificación do centro: Proxecto Educativo, PXA, PXAD, NOFC.*
- *Documentos do alumnado: expediente académico, información do XADE, informes individualizados, informes psicopedagóxicos e médicos...*
- *Material Psicopedagóxico: escalas de observación, test, probas psicométricas, cuestionarios, inventarios...*
- *Material Bibliográfico impreso e dixital:*
- *Folletos informativos de Formación Profesional.*
- *Manuais sobre DA, NEAE, HHSS, TTI, AIB...*
- *Revistas: Convives, Revista Galega do Ensino, Revista Galega de Educación, Innovación Educativa, Padres y Maestros, Cultura y Educación...*
- *Recursos 2.0 e 3.0: ordenadores, tablet, pizarra dixital, orientagalicia.blogspot.com, monicadizorienta.blogspot.com, libro dixital, aula virtual...*

• **ORGANIZATIVOS**

DO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mensualmente: reunión e seguimento do plan. ▪ Semanalmente: coordinación entre os seus membros.
----	--

CCP	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mensualmente: seguimento da acción titorial, así como asesorar aos xefes/as dos DD no proceso de E-A e a atención á diversidade. Para o DO estas reunións son un punto de referencia fundamental para o desenvolvemento da acción orientadora.
XE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reunión periódicas: desenvolvemento dos programas, introdución e axustes necesarios e dotación de recursos persoais e materiais. ▪ Colaboración coa Comisión de Convivencia.
DD	<ul style="list-style-type: none"> ▪ No inicio do curso: apoio na elaboración das PD. ▪ Ao principio de cada trimestre: garantir a acción titorial e a convivencia. ▪ Inclusión das MAD e a atención ao alumnado con NEAE nas PD.
TITORES/AS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Inicio de curso e mensualmente: organización da titoría. ▪ Sesións de avaliación inicial da ESO e Ed Primaria. ▪ Sesión de Avaliación: seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado. ▪ Reunión periódicas dos Mestres de Apoio co profesorado.

- Destacamos tamén a **HORA DE ATENCIÓN A FAMILIAS**, que debe de ser flexible para adaptarse ás necesidades laborais dos pais/nais/titores legais.
- **Alumnado** tamén poderá acudir ao DO do centro en calquera momento, pero especialmente nos momentos de **recreo** (para non perder horas lectivas) e tamén pola tarde.
- En caso necesario, **contacto telefónico co E.O.E.**, é fundamental establecer canles de colaboración para o deseño, posta en marcha e valoración de accións que requiran un alto grao de especificidade. Así como cos **axentes externos** ó centro, posto que debido a algunhas actuacións dos nosos programas deberemos establecer canles de colaboración para algunhas actuacións.
- **MICROTEMPOS E MICROESPAZOS:** momentos de coordinación non formais pero moi eficaces para as nosas funcións de orientación.

Finalmente, o DO é un servizo aberto a calquera demanda, suxestión, petición ou necesidade para todos os membros da Comunidade Educativa que poderán acudir en



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CPI
PLURILINGÜE
ARQUITECTO
PALACIOS
PANXÓN - NIZRÁN

CPI Arquitecto Palacios

Camiño dos Lagos nº 1 – Panxón – Pontevedra
Tel 986 365 963 – 986 365 964 Fax 986 366 313
e-mail: cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es

busca de asesoramento e información.

2.4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Dada a diversidade do alumnado e dos distintos programas e actividades que se propoñen neste plan, non é doado establecer unha liña de intervención común para todas as situación, máis ben será necesario optar por unha postura ecléctica, que adoptará unhas ou outras estratexias en función da situación, do momento, e de calquera outra variables que poida estar influíndo. Nesa dirección, as estratexias de intervención que sustentan a posta en práctica do Plan Anual do D.O son:

- A xefatura do DO asume, para a súa intervención, un modelo de intervención **POR PROGRAMAS** que planifica as actuacións en función das necesidades detectadas no centro e no seu contexto, coa intención de adoptar un **ENFOQUE PREVENTIVO** na súa acción orientadora. Seguindo este modelo guíase polos principios de planificación, prevención, curriculariedade, cooperación, desenvolvemento persoal e intervención social. Non obstante, non sempre se pode actuar de xeito preventivo polo que, ante situacións ou demandas manifestas e xurdidas, utilízase un modelo de intervención máis intencional (denominado por moitos autores como Modelo de Couseling). Este modelo de intervención aplicarase nas avaliación psicopedagóxicas e/ou nas demandas do profesorado con respecto ás necesidades grupais, individuais ou NEAE, así como situación sobrevidas que o requiran.
- Destacamos tamén a importancia que ten na acción orientadora o **ASESORAMENTO Á COMUNIDADE EDUCATIVA**(profesorado, equipo directivo, órganos de goberno e de coordinación docente, persoal non docente...), de acordo con Hortelano (1997).
- O POE levarase a cabo desde un **ENFOQUE INTERDISCIPLINAR E PARTICIPATIVO**, a través dunha implementación de tipo mixto, segundo Rodríguez Moreno (2015), que consiste en desenvolver o plan a través das materias, da hora de titoría, das actividades complementarias e coa implicación de todo o profesorado. A orientación e titoría é responsabilidade de todo o profesorado (Art. 91 da LOE/LOMLOE que recolle a función docente).
- Propoñemos, **CO ALUMNADO**, unha **METODOLOXÍA ACTIVA E PARTICIPATIVA** onde prima a **COOPERACIÓN E O TRABALLO EN EQUIPO**, partindo sempre dunha visión constructivista do proceso de EA e dunha **PERSPECTIVA SISTEMÁTICA** onde todos os membros da Comunidade Educativa teñen as súas

funcións e responsabilidades. Neste sentido e debido á cantidade de profesionais sobre os que recae a aplicación do plan, resulta de vital importancia o establecemento de canles de comunicación axeitados e fluídos que permitan unha coordinación eficaz.

- PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA: é necesario que todos se impliquen na posta en práctica do plan de orientación e dos programas que inclúe, como o resultado dun ESFORZO COMPARTIDO entre todos os membros da Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familia, Centro Adscrito, EOE, outros recursos da contorna...) mediante o fomento dunha CULTURA DE COORDINACIÓN.
- IMPLICACIÓN FAMILIAR: a familia debe formar parte do proceso educativo dos seus fillos/as e desde o centro débese favorecer a colaboración, implicación, información e prestación de apoio psicopedagóxico, técnico e/ou emocional. A Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia na CA de Galicia define a familia como o medio esencial de transmisión de vida, educación e valores.
- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: destacamos os principios de atención á diversidade do texto refundido LOE/LOMLOE e os principios de atención á diversidade de Fierro: flexibilidade curricular, precocidade na resposta, regularidade no tratamento e dotación de recursos.

2.5. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Trillo Alonso (2008) define a *avaliación como un proceso de recollida de información co obxectivo de emitir xuízos de valor que conduzan a unha toma de decisións*. A avaliación do Plan Anual do DO será un feito transcendente e cotiá, posto que nos permite ir modificando aspectos que consideremos oportunos así como levar a cabo unha retroalimentación da nosa labor orientadora. Implica unha responsabilidade compartida de toda a Comunidade Educativa.

. A avaliación do plan levarase a cabo en **TRES MOMENTOS**:

1. **Avaliación Inicial**: que constitúe o punto de partida e permite coñecer a realidade antes de aplicar un programa e así realizar unha intervención máis axeitada. Descrita no apartado de **Identificación de Necesidades**.

2. **Avaliación Continua:** proporciona información durante o desenvolvemento do proceso e permite, polo tanto, regular, orientar e corrixir tanto o proceso como os resultados da intervención en orientación.

3. **Avaliación Final:** que nos permite comprobar a consecución dos obxectivos ao final do proceso e recoller os **resultados** da actuación orientadora

Con este procedemento, pretendemos obter información durante o proceso de desenvolvemento do plan dun modo continuo, avaliando dende o inicio coa a situación de partida, a elaboración, así como a propia implantación e resultado.

En canto a avaliación do proceso, durante a aplicación e desenvolvemento do Plan, vaise recollendo información que nos permite valorar en que medida se están a desenvolver as diferentes accións recollidas neste documento, si funcionan, si necesitan mellorar ou modificarse, co fin de lograr os obxectivos propostos. De xeito que poidamos ir optimizando o plan a medida que o curso avanza no tempo.

A continuación exporemos os **criterios** a valorar:

-**Eficacia:** relación entre a planificación e o acadado.

-Grao de **Satisfacción** dos usuarios implicados.

-**Autovaloración** do traballo realizado.

-**Satisfacción** entre os obxectivo propostos e os acadados.

- **Coherencia**, grao de consistencia coas propostas establecidas.

- **Progreso**, relación entre prestacións realizadas e previstas.

- **Adecuación** ás necesidades e situacións reais.

- **Utilidade**, grao de aplicación e funcionalidade. Para isto podemos utilizar diferentes **instrumentos e actividades de avaliación** como:

- Análises e valoración das actuacións desenvoltas nas reunións periódicas de titorías, da CCP nas reunións e dos equipos docentes de cada grupo nas sesións de avaliación.

- Cuestionarios dirixidos ós destinatarios das intervencións

- Cuestionario de auto- avaliación para o DO e titores/as

- Fichas de observación

- Intercambios orais

- Análise da participación mediante control asistencial das familias ás reunións que se convocan
- Cadro para controlar número de demandas e consultas formuladas ao DO por familias, alumnado e profesorado, información que axudará a contemplar o DRD Orienta.
- Cadro para controlar uso dos materiais e recursos bibliográficos do DO por profesorado, alumnado e familias.

Teremos en conta os **INDICADORES DE LOGRO** para avaliar a nosa práctica orientadora:

- Parte dunha adecuada e realista detección de necesidades.
- Existe coherencia cos principios e valores do Proxecto Educativo de Centro.
- Ten en conta as propostas da CCP, dos titores/as de do Equipo Docente en xeral.
- Axústase á normativa vixente en canto á estrutura, contidos e novidades.
- Inclúe a sensibilización da Comunidade Educativa en aspectos clave como a atención á diversidade, a inclusión e a convivencia.
- Fomenta o traballo en equipo e a implicación docente e da familia e pon en marcha vías de coordinación e colaboración entre os diferentes membros da Comunidade Educativa. Cumpre as reunións previstas no Plan.
- Usa metodoloxías activas, inclusivas e emerxentes, e favorece o desenvolvemento das competencias clave atendendo aos intereses e motivacións do alumnado.
- Fomenta a investigación e innovación educativa e da formación do profesorado.
- Inclúe modificacións ao longo da súa aplicación por mor de causas sobrevidas.
- Lévese a cabo unha avaliación continua a formativa.

Unha vez feita a avaliación final na que participarán como acabamos de comprobar, os membros DO e os axentes educativos, será preciso redactar, por parte de xefe/a do DO, unha MEMORIA na que se recollerán os datos e valoracións máis importantes obtidas no proceso de avaliación. A continuación vemos os puntos a introducir, tal e como se indica, *na Orde do 24 de xullo do 1998*:

1. **Modificacións** introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, nos programas e cambios se procede ,na realidade educativa.

2. **Valoración do grao de consecución dos obxectivos** establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel

3. **Conclusións e propostas concretas de mellora.** Este Plan de Mellora serviranos para axustar a nosa actuación ás necesidades para o vindeiro curso, tal e como se recolle na Circular 10/2010, unha das accións prioritarias do departamento de orientación.

IV. FONTE DE INFORMACIÓN

4.1. BIBLIOGRAFÍA

- Bisquerra, R. (2006). Modelos de Orientación e Intervención Psicopedagóxica. Madrid: WoltersKluwer
- Bisquerra, R. (2008). Educación para la ciudadanía y convivencia: el enfoque de la educación emocional. Madrid: WoltersKluwer
- Bolívar, A. (2010). Competencias básicas y currículo. Madrid: Síntesis.
- Cañizares, G. (2015). Alumnos con déficit auditivo. Un nuevo método de enseñanza-aprendizaje. Madrid: Narcea.
- Carrera, C.; López, T.; Matías, P. & Santamaría, C. (2016). Agenda de trabajo del orientador. Madrid: Narcea.
- Convives. Revista Dixital da Asociación Convives.
- Hudson, D. (2008). Dificultades específicas de aprendizaje y otros trastornos. Guía básica para docentes. Madrid: Narcea.
- Santos Guerra, M.A. (2003). Una flecha en la diana. Madrid: Narcea.
- Taylor, P.G. (2015). Trastornos del Espectro Autista. Guía Básica para educadores y padres. Madrid: Narcea.

4.2. WEBGRAFÍA

- <http://www.edu.xunta.gal/portal/>
- <https://monicadizorienta.blogspot.com>
- <https://orientagalicia.blogspot.com.es>
- <http://www.mecd.gob.es/portada-mecd/>
- <http://educalab.es/intef>
- <http://www.apoegal.com>

- <http://www.copoe.org>

En Panxón, a 26 de Set. de 24

Asdo: Carmen M. Lema Varela
Xefa do Departamento de Orientación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CPI
PLURILINGÜE
ARQUITECTO
PALACIOS
PANXÓN - NIZRÁN

CPI Arquitecto Palacios

Camiño dos Lagos nº 1 – Panxón – Pontevedra
Tel 986 365 963 – 986 365 964 Fax 986 366 313
e-mail: cpi.arquitectopalacios@edu.xunta.es